

Biblioteca escolar e biblioteca municipal: Unha experiencia de colaboración

**B.E. do CEP Xosé M^a Brea Segade de Taragoña
Encontros do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares
Compostela, marzo 2015**

OBXECTIVOS XERAIS DA BBS

- Consolidar a biblioteca escolar como **centro de recursos** fundamental dos procesos de ensino e aprendizaxe e dinamizadora de **iniciativas culturais**.
- Promover a **autonomía** do alumnado, profesorado e familias no **uso da biblioteca** escolar.
- Potenciar a implantación de metodoloxías orientadas ao desenvolvemento da **educación documental**.
- Contribuír ao desenvolvemento das **competencias básicas**.
- Potenciar a **implicación do conxunto da comunidade escolar** no desenvolvemento do proxecto da BBS e o PL de centro.

A BIBLIOTECA BREA SEGADE



- A biblioteca das parroquias de procedencia do noso alumnado.
- Fondos principalmente infantís e xuvenís.
- Apertura en horario e calendario escolar.
- **Biblioteca Plambe.**

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL CASTELAO



- Biblioteca de referencia
- Fondos
- Actividades
- Horario
- Localización

VISITAS Á B.P.M. CASTELAO

- Punto de partida.
- Descubrir os fondos e servizos da B.P.M.
- Fincapé no que tiñamos en común.
- Rianxo coma fío condutor das visitas.
- Aportacións da BBS á BPM.




VISITAS Á B.P.M. CASTELAO



- Incluídas nas programacións anuais.
- Formación de usuarios/as: normas, fondos, CDU, carnés préstamo, servizos...
- Animación á lectura: contacontos.

VISITAS Á B.P.M. CASTELAO



- Busca de información.
- Actividades relacionadas coa campaña anual da BBS.
- Novidades e actividades específicas da B.P.M.



RECOMENDACIÓNS DE VERÁN

Para viaxar lonxe, non hai mellor nave que un libro"

Emily Dickinson (1830-1886)

Poeta estadounidense

Para viaxar coa música...

Un bico de amor e vida. X. A. Neira Cruz. Árbore Musicos. Galaxia.

Recreación do conto tradicional *A Sereña* coa colaboración da Real Filharmonía de Galicia e da actriz M^a Inés Cuadrado.



Todos os animais ao caixón. Mamá Cabra. Primeira persona.

Novo traballo do grupo Mamá Cabra con cancións escritas a partir de contos sobre animais da colección "Cu-cú, sorpresa" da editorial Combel.



Trece liñas. Asociación de Gaiteros Galegos.

Libro-CD-DVD que nos convida a unha viaxe polos doce meses do ano con cadansúa canción.



Bo verán e boas lecturas!
Vémonos en setembro!

Ler e viaxar

A Biblioteca Brea Segade achégavos un ano máis a súa recomendación de lecturas para o verán. Despois de todo un curso de traballo vén un tempo de merecido descanso, de xogo, de estar cos amig@s e coa familia. O verán é tamén tempo de viaxes, de excursións, de descubertas e como non, de lecturas que nos acompañen neste tempo de lecer e nos transporten a outros mundos ou a outras realidades.

Aquí vai unha pequena selección de libros e música para este verán, de naves para viaxar lonxe e para apreciar o que temos preto de nós.

Boas vacacións e boa viaxe polo mundo dos libros.

Biblioteca Brea Segade

www.blogoteca.com/bbs

B.P.M. "Castelao"

-Rianxo-

Non deixes de ir
no verán.

Horario	Luns a venres	Sábado
Mañás	09:30-14:00	11:00-14:00



**Viaxes e lecturas
para este verán**



BBS

Biblioteca Brea Segade

Xuño 2009


RECOMENDACIÓNS DE VERÁN

Ler, escoitar, bailar...

Brinca vai!

Paco Nogueiras. Kalandraka.

Libro, CD e DVD que nos leva nunha viaxe musical ao longo dos 12 meses do ano, cantando e bailando temas vencellados coa natureza, a amizade, a lingua, os xogos populares ou as festas tradicionais.



Estamos no verán.

Xoán Curiel e Charo Pita. Galaxia.

Libro disco que nos fala dunha panda de amigos que queren montar un grupo musical. Funk, rock ou bossa nova son algúns dos estilos musicais presentes neste álbum dirixido a rapaces de oito a doce anos.

Natureza ilustrada

Inventario ilustrado de animais, dos mares e das árbores. Virginie Aladjidi e Emmanuelle Tchoukriel. Faktoría K.

Fermosísimas guías de natureza con ilustracións inspiradas nos debuxos dos naturalistas clásicos e coloreadas con acuarela.



www.blogoteca.com/bbs

COLLEITA DE VERÁN

Cantos froitos apanhamos este curso! Agromaron palabras, proxectos, lecturas...

No verán queremos seguir colleitando coñecementos e bos momentos coa lectura, a música, a ciencia, a natureza... Aquí tedes a colleita de verán da BBS.

Boas vacacións e boas lecturas!
Biblioteca **Brea Segade**

Libros que veñen e van!
As bolsas de lectura de verán agardan por vós na biblioteca entre o 23 e o 30 de xuño, en horario de mañá.



Este verán :

- ▶ **Feira do libro en Rianxo** entre o 24 e o 27 de xullo, con presenza das bibliotecas escolares e municipal
- ▶ **B.P.M. "Castelao" de Rianxo**

Horario

De luns a venres

Mañás

09:30-13:30

BOLETÍN INFORMATIVO DA
BIBLIOTECA BREA SEGADE

COLLEITA DE VERÁN



BBS
Biblioteca Brea Segade

Xuño 2014

PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO



- Preparar visitas de autores/as.
- Proyectos de aula e campañas anuales ou trimestrais.
- Clubs de lectura.
- Demandas de usuarios/as.

PRÉSTAMO LECTURAS ADULTOS/AS



- Fondos da BPM en préstamo desde a BBS.
- Tríptico informativo.
- Expostos na entrada da BBS e do centro.
- Préstamo manual.
- Recreos e dúas tardes á semana.

TRÍPTICOS LITERATURA PARA ADULTOS/AS

As chamadas perdidas
Manuel Rivas



La importancia de las cosas
Marta Rivera de la Cruz

La sombra del viento
Carlos Ruíz Zafón



El gran Gatsby
F. Scott Fitzgerald

La torre de cristal
Robert Silverberg



Así nacen las baleas
Anxos Sumai

Caizados Lola
Susó de Toro



Caderno de agosto
Alice Vieira

Literatura para adultos/as



A Biblioteca Brea Segade volve poñer a vosa disposición unha escolma de obras de literatura para adulto/as, da Biblioteca Pública Municipal Castelao.

Podedes levar estes libros de igual maneira que os fondos da nosa biblioteca, co voso carné:

- Os **luns e xoves de 3 e media a cinco e media** na biblioteca.
- Nos **recreos** (10,55 a 11,25) na biblioteca.
- Pedindo aos **vosos fillos/as** que collan e devolvan os libros que queirades nas horas de recreo.


Boas lecturas!



Biblioteca Municipal Castelao
www.bibliorianxo.wordpress.com

Biblioteca Brea Segade
www.blogoteca.com/bbs

**BOLETÍN INFORMATIVO DA
BIBLIOTECA BREA SEGADE**




A lectura de **Pablo Picasso** (1881-1973)

**Fondos da BPM Castelao
en
préstamo na BBS**

**Taragoña
Novembro 2012**

La biblia de barro

Julia Navarro



Meu pai vaite matar

Mª Xosé Queizán

Marina

Carlos Ruíz Zafón




Así nacen as baleas

Anxos Sumai

Tristano morre

Antonio Tabucchi



Literatura para adultos/as



Volvemos poñer a vosa disposición unha escolma de obras de literatura para adulto/as, da Biblioteca Pública Municipal Castelao.

Podedes levar estes libros de igual maneira que os fondos da nosa biblioteca, co voso carné:

- Os **luns e xoves de 3 e media a 5 e media** na biblioteca.
- Nos **recreos** (de 10,55 a 11,25) na biblioteca.
- Pedindo aos **vosos fillos/as** que collan e devolvan os libros que queirades nas horas de recreo.
- Animádevos a probar o noso menú de lecturas de outono!

Boas lecturas!




Biblioteca Pública Municipal Castelao

www.bibliorianxo.wordpress.com

Biblioteca Brea Segade

www.blogoteca.com/bbs

BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA BREA SEGADE



Outono de libros de Soizick Meister

Fondos da BPM Castelao en préstamo na BBS

Taragoña
Novembro 2013





A vida que nos mata

Xabier López López

Defensa cerrada

Petros Márkaris




Case perfecto

Marina Mayoral

Morning Star

Xosé Miranda



La reina oculta

Jorge Molist

Relatos mariñeiros

Xosé Neira Vilas




Un verano en Escocia

Mary Nickson

La reina del Sur

Arturo Pérez-Reverte



El padrino

Mario Puzo

El cofre del alma

Ann Rossman



El dios de las pequeñas cosas

Arundhati, Roy



El cuento número 13

Diane Setterfield



El ángel perdido

Javier Sierra



A modelo descalza

Jordi Sierra i Fabra



Melodía de días usados

Anxos Sumai



Biblioteca Pública Municipal Castelao
www.biblioriano.wordpress.com

Biblioteca Brea Segade
www.blogoteca.com/bbs

BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA BREA SEGADE



Repouso e lectura na tarde
de Marcus Llusa

Novos fondos da BPM Castelao en préstamo na BBS

**Taragoña
Marzo - 2014**

RECOMENDACIÓNS DE LECTURAS NO NADAL

- 2009: tres centros de Primaria de Rianxo.
- 2010: súmanse a BPM Castelao e o IES.

Lectores expertos/as

Os Megatoccos e os templarios da luz. Anxo Fariña. A Nosa Terra

Terceira entrega das aventuras de Ninfa, Ruzé, Faisca e Lúa na que descubrirán as redes dos misteriosos Templarios da Luz e viaxarán a París na época da Revolución Industrial.



O tesouro de Saida. Eva Peydró. Planeta Oxford.

Na compañía de Fernando e Saida descubrirás que teñen en común o mar Caribe e o deserto do Sahara. Entre piratas despistados, oasis e camelos, has atopar un tesouro de valor incalculable.



O bone do trazo branco. O accidente. Erikberto Múela Quesada. Xerais.

Ciencia ficción ambientada en Galicia. Uns rapaces descubren unha nave espacial da que descende un misterioso home con trazo branco, acompañado dun estraño animal.




O pazo máxico. A túa primeira escola de magia. Pedro Volta. Baía

Se soñas con ser mago/a, con este libro poderás facer realidade os teus soños e vivir unha aventura alucinante nun pazo máxico onde te converterás nun aprendiz de mago/a.



Leonardo da Vinci. Steve Augarde. Baía

Con só dez anos, Paulo convértese en aprendiz de Leonardo da Vinci, o gran pintor e inventor. O seu diario mostra a visión dun neno sobre un tempo e un lugar fascinantes, ademais de penetrar na mente dun dos maiores xenios do mundo.



As nosas recomendacións de lectura

Xa chegou o Nadal!


Sabemos que tedes preparadas as vosas peticións de agasallos para estas festas, pero tamén que estades esperando polas recomendacións das vosas bibliotecas. Este ano, por primeira vez, facémolas conxuntamente as bibliotecas do CEIP “A.D.R. Castelao”, do CEIP “Ana María Diéguez” e do CEP “Xose Mª Brea Segade”, porque queremos que o calor dos libros chegue aos nenos e nenas de Rianxo, Asados e Taragoña por igual.

Gozade coas vosas familias e cos libros nestes días de lecer.

De película

Onde viven os monstros Maurice Sendak. Kalandraka.

Un clásico da literatura infantil que nunca pasa de moda pero que este Nadal dará moito que falar pola estrea da película nel baseada. O libro gústanos tanto que esperamos con ganas ver a peli.



As bibliotecas do:

CEIP A.D.R. Castelao de Rianxo

CEIP Ana Mª Diéguez de Asados

CEP X. Mª Brea Segade de Taragoña

Desexámosvos un

*Bo Nadal
ao calor...*




dos libros

Lectores/as expertos/as e Xuvenil

Persépole.

Marjane Satrapi.
Rinoceronte Editora.

Novela gráfica que nos presenta a historia recente de Irán a través dos ollos dunha nena.



O espírito do cabaleiro.

Cornelia Funke.
Galaxia.

Espíritos que ouvean na noite, valentes cabaleiros medievais, o despertar do amor. Unha historia de amizade nun internado.



Fantasma da luz.

Agustín Fernández Paz.
Xerais


Unha sala de cine que pecha, un operador de cabina que vai ao paro, ambos pasan a ser invisibles nesta sociedade na que non todos somos iguais.



Música

Raianas.

Malvela. (Disco ao vivo)
Boa Music.



Xa me tardan estes magos.

Mamá Cabra.
Galaxia.



As nosas recomendacións

Xa están aquí as nosas propostas de lectura, para que nestas datas non vos esquezades de incluír os libros e a música entre os vosos agasallos.

Agardamos que sexan do voso agrado e convidámosvos a que sigades acompañándonos nas vosas bibliotecas.

Boas festas!

Adultos/as

Laura no deserto.

Antón Riveiro Coello.
Galaxia.

Novela que transcurre en diversos escenarios converxendo na Pobra do Caramiñal e que fala do amor, da culpa, da identidade e da liberdade.



Trece noites, trece lúas.

Antonio Reigosa.
Xerais.

Percurso literario polas tradicións do Nadal.




Non hai noite tan longa.

Agustín Fernández Paz.
Xerais.

Historia dun retornado da emigración en Francia.



Cantos libros para apalpar!



Xoán G.

Recomendacións de lectura das bibliotecas:

CEIP A.D.R. Castelao de Rianxo
CEIP Ana M^a Diéguez de Asados
CEP X. M^a Brea Segade de Taragoña
IES Félix Muriel
Biblioteca Pública Municipal Castelao

Rianxo - Decembro 2011

TEMPO DE ACIVROS, TEMPO DE LIBROS

Lectores/as expertos/as e Xuvenil



O alento nas costas. Natalia Carou Figueira. Baía.

Un soño estraño leva a Mireia de volta á súa aldea natal.



O mundo secreto de Basilus Hoffman. Fernando Cimadevila e Iván Valladares. Urco editora.

Viaxe fantástica na procura dun diario.



A punta de pistola. Fran Alonso. Xerais. Novela que é a vez trepidante e intimista baseada en feitos reais.

Castelao. Inacio e Iván Suárez. Demo/ Komic Librería. (2 volumes)

Biografía en banda deseñada.

Música



Rapoemas. Aid. Galaxia. Libro-disco da rapeira Aid.

Clásicos da literatura galega rapeados. Unha agradable sorpresa.

O meu primeiro Celso Emilio. Xerais.

Homenaxe musical ao poeta galego no centenario do seu nacemento.



aCadaCanto. Músicas de Salitre.

Grandes do folk galego uníronse para crear este fermoso disco.

As nosas recomendacións

Como vimos facendo nos últimos anos nestas datas, as bibliotecas do municipio de Rianxo xuntámonos para ofrecervos unha selección de libros que ao noso entender non vos deberíades perder, así que non vos esquezaades de incluílos nos vosos agasallos!


Boas Festas!

Adultos/as




Volve a cocíña dos larpeiros. Benigno Campos. Galaxia.

Nova entrega das receitas dos larpeiros.



Enrugas. Paco Roca. El patito editorial.

O Alzheimer contado en banda deseñada cunha enorme sensibilidade.



Tonas de laranxa. Manuel Lorenzo Baleirón e María Lorenzo Miguéns. Xerais.

Relato sobre as vidas entrecidas dos habitantes da vila imaxinaria de Moreira.

El lector de Julio Verne. Almudena Grandes.

A España rural da postguerra a través dos ollos dun neno.

Tempo de acivros Tempo de libros



C.E.I.P. A.D.R. *Castelao* de Rianxo

C.E.I.P. Ana M^a Diéguez de Asados

C.E.P. X. M^a Brea Segade de Taragoña

C.R.A. de Rianxo

I.E.S. Félix Muriel

Escola Infantil A Galiña Azul de Rianxo

Rianxo Decembro de 2012

- 2012: todas as bibliotecas escolares e a municipal.
- 2013: Presentación no Auditorio Municipal con participación do alumnado de todos os centros.

PRESENTACIÓN GUÍA DE LECTURAS



**Tempo de acivros
Tempo de libros**

Venres 12 de decembro

19.00 horas

AUDITORIO DE RIANXO

ORGANIZA:

Bibliotecas Escolares dos Centros Educativos
Biblioteca Pública Municipal Castelao

COLABORA:



Lectores/as expertos/as e xuvenil

O que lle aconteceu a Barnaby Brocket.

John Boyne. Kalandraka.

Barnaby marcha da casa, e coñece novos amigos que, coma el, representan a diversidade nun mundo pouco tolerante.



Reo.


Xesús. Fraga. Galaxia.

Reo é o rei dos graffiteiros da cidade ata que un misterioso rival o reta nos muros das rúas.

O gran reino.

Eduardo Santiago. Xerais

Unha intensa narración da vida dunha adolescente marcada pola anorexia, a loucura e a falta de cariño dos pais.



Debuxos no muro.

Aurora Ruá. Galaxia

A través dos debuxos nun muro, Pablo coñecerá a vida dun rapaz que foi prisioneiro republicano durante a Guerra Civil de España.

Recinto gris.

Ledicia Costas. Xerais.

Un exército adestrado para conseguir unha cidade perfecta persegue e detén a todos os que non encaixan no plan. Nube ia ser a seguinte.



El momento de Aurora West.

P. Pope, JT Petty e D. Rubín. DeBolsillo.

Trepidante aventura en banda deseñada cunha moza coma protagonista. Como se converte Aurora West nunha heroína?

Adultos/as e xuvenil

Lúas de outubro e agosto.

Guadi Galego. Fol Música

2º disco en solitario que ten o seu cerne nas emocións e experiencias das mulleres.



Ofrenda á tormenta.

Dolores Redondo. Xerais

Agardada 3ª novela da triloxía do Baztán, imprescindible para amantes da boa novela policiaca.

Hostal norte.

Xosé Duncan. Urco Editora.

Brais chega ao Hostal Norte, onde o agarda un amigo que prometeu axudalo a comezar unha nova vida pero non sairá ben. Novela de terror e misterio.



Os inocentes.

María do Cebreiro. Galaxia.

Poesía comprometida, actual, que nos fai preguntas e nos leva a interpretar a realidade e o amor.

Como aprendí a leer.

Agnes Desarthe. Periférica.

Unha divertida análise sobre a aprendizaxe da lectura e o acto de ler para comprendernos a nós mesmos.



Vida de nai. A primavera.

Gemma Sesar, Ramón Marcos e Jorge Castelli. El Palto Editorial.

Banda deseñada que presenta o día a día das nais traballadoras en tempos de crise.

Tempo de acivros

Tempo de libros



Aquí están, un ano máis, as nosas recomendacións para o Nadal. Libros e música para agasallar, compartir, festexar e gozar. Cultura, imprescindible compañía para despedir un ano e comezar o novo.

Boas Festas!

Bibliotecas de Rianxo

Rianxo, decembro de 2014

Prelectores/as



A cocineira do rei.

Soledad Felloza. OQO
O ben feito sempre é de proveito, moito máis se o aderezamos con alegría, ilusión e agarimo.

As estrelas de cores.

Mireia Canals. Baía edicións.
Na colección "As emocións", contos para aprender a recoñecer e a expresar os sentimentos e as emocións.




Quen é ese becho?

Carmen Queral. Kalandraka.
Unha fauna diminuta habita neste conto onde o lector/a se converte nun personaxe máis.

O rabaño.

Margarita del Mazo. La Fragatina.
Como unha ovella negra, que non fai o que fan todas as demais, vai axudar a dumirse a Miguel?



Os monstros grandes non choran.


Áslaug Jónsdóttir e outros. Sushi books
Monstro Grande é un zoupón, está moi triste, pero todo o mundo sabe que os monstros grandes non choran...

Xiqui, xoque, fiú, fiú.

María Fumaça. Galaxia.
2º volume do libro-disco da locomotora máis marchosa e divertida.



Primeiros/as lectores/as



Garabato e Tinta.

Ethan Long. Lata de sal.
Ao gato Garabato gústalle debuxar e ao rato Tinta encántalle pintar. Pero a ningún dos dous lle gustan as obras do outro...

Inventario dos animais con cola.

Virgine Aladjidi. Faktoria K
Un novo inventario ilustrado para observar e descubrir 40 vertebrados con cola.



O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba.

David Aceituno e Miguelanxo Prado. El Patito Editorial.
Unha divertida viaxe polos contos da man dun dragón e os seus potentes esbirros.

Dragoneta.

Jacobo Fernández Serano. Xerais.
Terceira entrega das aventuras en banda deseñada de Marcopola, a illa remeira.



As señoras cousas.

Helena Villar. Galaxia.
Poemas que dan vida a todas as cousas que temos ao noso redor. Un libro para soñar e xogar coa realidade.

Estación Nadal.

Mamácabra. Galaxia.
Mamácabra cántalle ao Nadal, tempo de agasallos, cancións e vacacións.



Lectores/as autónomos/as




Quen falta?

Arianna Papini. Kalandraka
Este libro recolle testemuño de animais extinguidos por mor da intervención dos seres humanos.

Escarlatina, a cocineira defunta.

Ledicia Costas. Xerais.
Un neno que quería ser un chef, unha cocineira defunta, un malvado do inframundo e un feixe de receitas deliciosas cocinadas con moito humor.



A fraga Milmañas.

C. Amil e M. Cráneo. Demo Editorial
Artimañas en banda deseñada dunha raposa e un lobo para sobrevivir nunha fraga onde todo é posible.

Os dereitos da infancia.

Varios autores. Xerais.
Contos sobre os dereitos da infancia. Libro solidario con Unicef.



Formig4s. Misión París.

Pere Tobaruela. Xerais.
Un misterioso caso para a brigada especial Formig4s que nos levará de viaxe por París.

Pratos do mundo.

Varios autores. Ouvimos
20 receitas de comidas do mundo. Nova entrega de *Cociña infantil e familiar*. A cocifarl!



TEMPO DE ACIVROS, TEMPO DE LIBROS



- Poñer en valor e facer visible o traballo das bibliotecas.
- Dar a coñecer as propostas incluídas na guía.
- Implicar ao alumnado nas recomendacións de lecturas.



TEMPO DE ACIVROS, TEMPO DE LIBROS

- Proposta cultural en torno á lectura.
- Boa acollida entre o alumnado e as familias.
- Incidencia directa nos préstamos.



FEIRA DO LIBRO



- Xullo 2012: caseta das bibliotecas de Rianxo na Feira do Libro.
- Visualizar o traballo común das bibliotecas do municipio a prol da lectura.



LENDO EN RIANXO

As bibliotecas do municipio de Rianxo temos un compromiso común coa lectura, a cultura e a aprendizaxe. Pretendemos ser centros de recursos para medrar como persoas e espazos de creación e dinamización cultural.

Nesta Feira do Libro queremos compartir con todos vós a nosa experiencia colectiva ao redor da lectura.

Catro dos centros escolares do municipio forman parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

FEIRA DO LIBRO

- Atención da caseta en quendas con membros dos equipos de todas as bibliotecas escolares e a bibliotecaria municipal.



FEIRA DO LIBRO

- Producións propias: plásticas, escritas ou dixitais.
- Mochilas viaxeiras e cadernos de viaxe.
- Trípticos recomendacións de lecturas.
- Montaxe en vídeo con material de todos os centros.



FEIRA DO LIBRO



- Federación de Libreiros:
 - Fondos de literatura infantil e xuvenil
 - Actividades de animación á lectura.
 - Presentación e sinatura de novidades.



COMISIÓN DE BIBLIOTECA NO CONSELLO ESCOLAR

- Comezou a funcionar no curso 2011-2012.
- Xuntanzas trimestrais.
- Posibilita a comunicación entre o equipo de biblioteca, as familias e a biblioteca municipal: demandas, propostas, información, avaliación...
- Programación de actividades conxuntas.

DESDE A NOSA EXPERIENCIA

POTENCIALIDADES

- Acceso a fondos.
- Rexistro e catalogación.
- Diversificar actividades.
- Visibilizar o traballo da BE.
- Enriquecer a experiencia dos nos@s usuari@s.

DIFICULTADES

- Tempo
- Persoas
- Ideas

COLABORACIÓN ENTRE BIBLIOTECAS ESCOLARES E PÚBLICAS

E no futuro?

- Préstamo interbibliotecario/ adquisiciones.
- Encuentros con creadores/as.
- Actividades conjuntas.
- Carné único.
- Registro e catalogación.
- ...

GRAZAS!

